



# PROGRAMACIÓN

# EDUCACIÓN FÍSICA 2018/19



## ÍNDICE

1. INTRODUCCION	3
2. CARACTERÍSTICAS DO DEPARTAMENTO	4
3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	5
4. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA	7
5. BLOQUES DE CONTIDOS DE EDUCACIÓN FÍSICA	8
6. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN FÍSICA NA ESO	9
7. RELACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS E COMPETENCIAS BÁSICAS	12
8. CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS	13
9. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	18
10. RELACIÓN OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTANDARES DE APRENDIZAXE	29
11. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA	77
12. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	82
13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	83
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	84
15. AS ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR	85
16. AS ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs	86
17. INFORMACIÓN Ó ALUMNADO	86
18. OS PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A APLICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	86

## 1. INTRODUCCIÓN

En primeiro lugar, a materia Educación Física estará especialmente comprometida coa importancia de maximizar a práctica de actividade física, tal e como sinala o modelo médico, pero sen buscar aumentar os niveis de condición física como prioridade, buscando optimizar os recursos, os tempos de actividade efectiva real dos alumnos, os cales serán buscados en boa medida polo tipo de organización da clase e pedagogía aplicada polo departamento. Recordemos que, como sinalan Simons Morton et al. (1987), o aumento de niveis de condición física ou dos seus compoñentes relacionados coa saúde nos nenos/as, non parece que se manteñan e trasladen a idade adulta. Ademais, a práctica física debe converterse nunha experiencia positiva e satisfactoria se pretendemos desenvolver as actitudes cara á actividade física. Pero isto supón ampliar no alumnado o sentido de competencia e éxito na realización de actividades físicas (Dúbida, 1996; Peiró, 1999; Treasure e Roberts, 1995), algo ao que moitos profesionais da educación física, como sinala Devís Devís, 2000; non estamos afeitos, debido á grande influencia que exerceu e exerce o rendemento físico e o habilidosismo na nosa profesión. Non obstante, a promoción da actividade física e a saúde na educación física escolar a vincularemos á participación e non ao rendemento. Tampouco podemos obviar o seu carácter educativo, baseado no coñecemento teóricopráctico que se utiliza cando unha persoa se implica na realización de actividades físicas (Arnold, 1991). Isto non o vamos entender como o desenvolvemento de clases teóricas ao estilo das materias académicas, cando resulta que o currículo da educación física é eminentemente práctico. Non obstante, isto tampouco significa que eliminemos o coñecemento teórico das nosas clases senón que, utilizado como complemento e en conexión co práctico, poidamos axudar a unha mellor comprensión conceptual e procedemental. Deste xeito será posible que o alumnado chegue a tomar as decisións máis axeitadas sobre a realización das actividades e a elaborar un programa propio de actividade física e saúde que poida desenvolverse dentro e fóra das clases desta materia. Debemos ter presente que un dos obxectivos da Educación Física nos mozos e adolescentes é brindarlle ferramentas e coñecementos teóricos e prácticos para que poidan autoxestionar a súa propia actividade física na busca da adquisición de hábitos de vida saudables perdurables.

As orientacións metodolóxicas marcadas pola lei estarán presentes en toda a programación:

- Educación Física nestas etapas terá un carácter eminentemente práctico e vivencial.
- A asimilación das aprendizaxes e a adaptación ao traballo do alumnado en Educación Física aconsella a distribución das dúas sesións semanais en diferentes días.
- A selección dos contidos e das metodoloxías activas e contextualizadas debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo destas etapas.
- O uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- O profesorado deseñará diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas aos niveis, ás formas e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación Física.
- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.
- Deberá procurarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos alumnos e das alumnas auténticos suxeitos activos dunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida da súa saúde, mediante a adquisición de hábitos de vida saudables.

## **1. CARACTERÍSTICAS DO DEPARTAMENTO**

O instituto Illa de San Simón atópase na cidade de Redondela. É o instituto máis novo da vila e ubícase na zona escolar da Marisma. O alumnado que asiste ao centro procede do CEP A Marisma; polo tanto, persoas da vila de Redondela. Como complemento, recibimos os nenos e nenas que están titorizados por Aldeas Infantiles.

O departamento de Educación Física está composto por dous profesores: - Domingo Salinas Costa, funcionario de carreira con destino definitivo no centro e imparte clases en 1º ESO C, 4º ESO A, 4º ESO B ; e Juan Carlos Ferro Pozo, Xefe do Departamento e imparte clases 1º ESO A, 1º ESO B, 2º ESO A, 2º ESO B, 2º ESO C, 3º ESO A, 3º ESO B, 3º ESO C e 3º ESO PMAR.

O número total de horas do departamento son 22. Os periodos lectivos en 3º e 4º ESO mantéñense xuntos para poder organizar actividades fóra do centro como vela, remo, piragüismo e natación. Para 1º e 2º ESO programamos un menor número de saídas polo que seguimos as recomendacións citadas pola lei de manter os periodos lectivos de Educación Física en diferentes días.

Ás reunións de departamento están fixadas para os xoves de 12:50

13:40. O número de sesión anuais é de unhas 65 – 70:

GRUPO	SESIÓNS 1º TRIMESTRE	SESIÓNS 2º TRIMESTRE	SESIÓNS 3º TRIMESTRE
1º ESO A	26	26	15
1º ESO B	26	26	15
1º ESO C	26	26	15
2º ESO A	26	27	17
2º ESO B	24	25	16
2º ESO C	24	28	17
3º ESO A	28	26	18
3º ESO B	28	26	18
3º ESO C	26	24	14
4º ESO A	24	28	18
4º ESO B	24	28	18

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

1. **Competencia en comunicación lingüística:** traballámola ofrecendo intercambio comunicativo co alumno e isto realízase en todas as clases sexan do contido que sexan (condición física e saúde, xogos e deportes, calidades motrices persoais, actividades no

medio natural e actividades de expresión). En todas as clases o profesor transmite coñecementos e organización de actividades cunha linguaxe clara e correcta e á súa vez pide ao alumno que se exprese correctamente e mesmo cun vocabulario específico da área. Tamén a traballamos a través da teoría ofrecendo en primeiro lugar contidos teóricos e logo pedindo que o alumno os exprese no exame teórico.

**2. Competencia matemática:** incidimos con actividades nas que o alumno ten que ter habilidade para traballar cos números:

Realizar unha media aritmética cos resultados dos tests de condición física, ou da estatura media da clase, manexar datos dos tests, repeticións nun minuto, centímetros acadados, metros percorridos e relacionalos co tempo que se empregou... ou algo tan sinxelo como converter en metros as voltas que dan a pista de atletismo.

Tamén coas actividades de control da intensidade do exercicio a través da frecuencia cardíaca controlar as pulsacións por minuto, facendo que as tomen en menos dun minuto para que atopen o resultado correcto...

Aprenden a realizar una clasificación nunha competición deportiva: ¿“cánto vale un partido gañado, perdido, empatado”?

aprender diferentes coeficientes como o basketaverage ou o golaverage”.

**3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:** traballámola con actividades no medio natural, coas actividades de condición física, co fomento de hábitos saudables como a hixiene despois do exercicio, hábitos posturais, a fase da volta á calma ao final da clase ou do quecemento ao comezo.

**4. Tratamento da información e competencia dixital:** pedímoslle ao alumno ampliación sobre os diferentes temas teóricos ou competicións relevantes que poidan surdir. Facilitámoslle diferentes páxinas web, nas que poidan consultar os temas de interese. (webs de federacións deportivas, xornais dixitais, eventos importantes como Xogos Olímpicos...)

Os alumnos tamen posúen un espazo no Ximnasio, no que poden poñer noticias das súas actividades deportivas máis cercanas (competicións locais, exhibicións do grupo de danza, resultados do fin de semana dos diferentes equipos locais). De todo isto fánse responsables cada ano os alumnos de 4º.

**5. Competencia social e cidadá:** traballámola en todas as clases e con todos os contidos pois se pide respecto cara aos compañeiros e o profesor, colaboración para as

actividades grupais ou para o bo desenvolvemento da clase, integración con todos os compañeiros do grupo posto que as clases non son individuais senón grupais e estas esixen participación colaboración e interacción co resto dos compañeiros e máxime aínda cos deportes colectivos, xogos regulados ou traballo en equipo coas actividades de expresión corporal onde todo o grupo colabora para elaborar un traballo común.

**6. Competencia cultural e artística:** traballámola coas actividades de expresión corporal, a danza, o mimo, os deportes e xogos tradicionais.

#### **4. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permita: a) Asumir responsablemente os seu deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres. d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos. e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. f) Concebir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia. g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes



complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura. i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada. j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo. k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora. l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade. Somos conscientes de que a E.F. colabora na consecución de todos eles pero o específico que fai referencia a E. F. sería o da letra “K”.

## 5. BLOQUES DE CONTIDOS DE EDUCACIÓN FÍSICA

Os bloques de contidos a desenvolver no Área de Educación Física serán:

- 1.- A CONDICIÓN FÍSICA E A SAUDE
- 2.- XOGOS E DEPORTES
- 3.- ACTIVIDADES NA NATUREZA
- 4.- EXPRESIÓN CORPORAL

A continuación presentamos a temporalización dos bloques de contidos

	<b>1ª AVALIACIÓN</b>	<b>2ª AVALIACIÓN</b>	<b>3ª AVALIACIÓN</b>
--	----------------------	----------------------	----------------------

<b>1º ESO</b>	Cualidades motrices Condición Física Actividades tradicionais Balonkorf Baloncesto I	Xogos con implementos (Floorball I, palas...) Atletismo I	Actividades recreativas Contacto coa natureza (saídas, senderismo)
<b>2º ESO</b>	Condición Física Actividades tradicionais Balonkorf Baloncesto I	Xogos con implementos (Badminton) Atletismo I Primeiros Auxilios	Actividades recreativas Contacto coa natureza (Kayak)
<b>3º ESO</b>	Condición Física Contacto coa Natureza (Iniciación a Vela) Actividades tradicionais Baloncesto II	Xogos con implementos (Floorball II, tenis mesa) Atletismo II Cualidades motrices Actividades acuáticas	Condición Física Contacto coa natureza (Iniciación a Vela) Voleibol
<b>4º ESO</b>	Condición Física Contacto coa Natureza (Iniciación a Vela) Actividades tradicionais Balonkorf Baloncesto II	Badminton Atletismo Cualidades motrices Primeiros Auxilios	Condición Física Contacto coa natureza (Iniciación a Vela) Voleibol

## 6. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN FÍSICA NA ESO

O ensino da Educación Física nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades: 1. Coñecer os trazos que definen unha actividade física saudable e os efectos beneficiosos que esta ten para a saúde individual e colectiva. 2. Valorar a práctica habitual e sistemática de actividades físicas como medio para mellorar as condicións de saúde e a calidade de vida. 3. Realizar tarefas dirixidas ao incremento das posibilidades de rendemento motor, á mellora da condición física para a saúde e ao perfeccionamento das funcións de axuste, dominio e control corporal, adoptando unha actitude de autoexigencia na súa execución. 4. Coñecer e consolidar hábitos saudables, técnicas básicas de respiración e relaxación como medio para reducir desequilibrios e aliviar tensións producidas na vida cotiá e na práctica físico- deportiva. 5. Planificar actividades que permitan satisfacer as

necesidades en relación coas capacidades físicas e habilidades específicas a partir da valoración do nivel inicial.

6. Realizar actividades físico-deportivas no medio natural que teñan baixo 20

impacto ambiental, contribuíndo á súa conservación. 7. Coñecer e realizar actividades deportivas e recreativas individuais e colectivas aplicando os fundamentos regulamentarios, técnicos e tácticos en situacións de xogo, con progresiva autonomía na súa execución. 8. Amosar habilidades e actitudes sociais de respecto, de traballo en equipo e de deportividade na participación en actividades, xogos e deportes, independentemente das diferenzas de xénero, culturais, sociais e de habilidade. 9. Practicar e deseñar actividades expresivas con ou sen base musical, utilizando o corpo como medio de comunicación e expresión creativa. 10. Adoptar unha actitude crítica ante o tratamento do corpo, a actividade física e o deporte no contexto social. Secuenciación dos OBXECTIVOS por cursos

1º curso de ESO 1. Recoñecer o funcionamento dos aparatos e sistemas orgánicos e valorar os efectos que a práctica habitual e sistemática de actividades físicas ten sobre eles. 2. Coñecer e practicar as técnicas básicas relacionadas coa EF que inciden positivamente na saúde individual e colectiva. 3. Practicar actividades físicas encamiñadas ó desfrute do tempo de lecer. 4. Progresar no nivel de rendemento motor mediante o desenvolvemento e mellora das capacidades físicas relacionadas coa saúde. 5. Progresar na consolidación das habilidades básicas e capacidades motrices e na súa adaptación aos cambios estruturais propios da adolescencia. 6. Aplicar as habilidades específicas en situacións reais de xogo, resolvendo problemas simples de decisións individuais e colectivos, valorando especialmente as actitudes de colaboración e respecto. 7. Participar de forma desinhibida e espontánea en actividades físico deportivas. 8. Ser tolerante na práctica deportiva, desenvolvendo actitudes de cooperación e respecto cara aos demais. 9. Coñecer e practicar xogos e actividades físico deportivas no contorno, valorando a súa importancia sociocultural. 10. Recoñecer e valorar as posibilidades do medio natural para o disfrute do tempo de lecer, respectando as normas e precaucións necesarias para a súa conservación. 11. Practicar técnicas básicas de relaxación. 12. Practicar actividades con distintas bases musicais e con finalidade expresiva.

2º curso de ESO 1. Recoñecer o funcionamento dos aparatos e sistemas orgánicos e valorar os efectos que a práctica habitual e sistemática de actividades físicas ten sobre eles. 2. Valorar os hábitos positivos e negativos na actividade física, sendo coherente cos

coñecementos adquiridos e as necesidades do propio corpo. 3. Coñecer e practicar as técnicas básicas relacionadas coa educación física (quecemento, respiración, relaxación...) que inciden positivamente na saúde individual e colectiva. 4. Practicar actividades físicas encamiñadas ó disfrute do tempo de lecer. 5. Valorar o nivel de condición física propio en relación coas características do grupo de idade como punto de partida para satisfacer as súas propias necesidades. 6. Coñecer e identificar as características e principios do desenvolvemento de cada unha das capacidades físicas, así como a incidencia que o citado desenvolvemento ten nas condición de saúde e calidade de vida. 7. Progresar no nivel de rendemento motor a través do desenvolvemento e mellora das capacidades físicas, adaptándose aos cambios estruturais da adolescencia. Adquirir e perfeccionar habilidades específicas relacionadas cos deportes e xogos tradicionais, incidindo nos factores perceptivos e de execución. 9. Aplicar as habilidades específicas en situacións reais de xogo, resolvendo problemas simples de decisión individuais e colectivos, valorando especialmente as actitudes de cooperación e colaboración. 10. Participar de forma desinhibida e espontánea en actividades físico deportivas.

3º curso de ESO 1. Coñecer e identificar os mecanismos orgánicos de adaptación ó esforzo no desenrolo das distintas capacidades físicas. 2. Valorar o propio nivel de condición física, a súa relación cos efectos beneficiosos, riscos e contraindicacións, así como as consecuencias e implicacións para a saúde e calidade de vida individual e colectiva. 3. Participar en actividades físico deportivas previa análise e valoración das propias capacidades físicas, así como das motivacións persoais. 4. Diseñar e practicar actividades individualmente e en grupo, en función do nivel de condición física e das propias necesidades. 5. Coñecer as bases do entrenamiento e formas de aplicación para o desenrolo da condición física. 6. Adquirir e perfeccionar as habilidades específicas de deportes individuais, colectivos e de adversario, incidindo nos aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios. 7. Practicar con certa autonomía os deportes aprendidos, utilizando os fundamentos regulamentarios, técnicos e tácticos en situacións globais de xogo. 8. Amosar actitudes de cooperación e respecto nos xogos e deportes, valorando os logros e actuacións propias e as dos demáis. Recoñecer e valorar a importancia sociocultural do fenómeno deportivo, así como os aspectos positivos e negativos que se derivan da súa práctica.

4º curso de ESO

1. Coñecer e identificar os mecanismos orgánicos de adaptación ao esforzo nas distintas capacidades físicas, establecendo relacións coa propia experiencia e valorando as implicacións para a saúde e calidade de vida individual e colectiva.
2. Planificar e participar en actividades físico deportivas individuais e colectivas, previa análise e valoración das propias capacidades físicas, así como das motivacións persoais.
3. Profundizar na aplicación dos diferentes métodos e sistemas para mellorar, de forma diferenciada, cada unha das capacidades físicas, incrementando o nivel de condición física e rendemento motor.
4. Adquirir e perfeccionar as habilidades específicas de deportes individuais, colectivos e de adversario, incidindo nos aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios.
5. Practicar con certa autonomía os deportes aprendidos, utilizando os fundamentos regulamentarios, técnicos e tácticos en situacións globais de xogo, independentemente do nivel de destreza acadado.
6. Mostrar actitudes de cooperación e respecto nos xogos e deportes, valorando os logros e actuacións propias e dos demais.
7. Recoñecer e valorar a importancia sociocultural e de integración social do fenómeno deportivo, así como os aspectos positivos e negativos que se derivan da súa práctica.
8. Colaborar de forma activa no deseño e organización de campionatos, fomentando os valores positivos da práctica deportiva.
9. Participar en actividades no medio natural, aplicando as técnicas básicas adquiridas e respectando as normas de seguridade para o seu uso e conservación, implicando unha maior autonomía de acción.
10. Coñecer e experimentar técnicas básicas de relaxación como medio para reducir desequilibrios e tensións derivados da práctica deportiva ou da vida cotiá.
11. Valorar a importancia dos recursos rítmicos e expresivos adquiridos, como medio de integración socio-cultural, participando activamente nas actividades que se propoñan, con actitude creativa e positiva.

## 7. RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS E COMPETENCIAS CLAVES

<p>1. Coñecer os trazos que definen unha actividade física saudable e os efectos beneficiosos que esta ten para a saúde</p>	<p>físi</p>	<p>3, 5 e 8</p>
---	-------------	-----------------

individual e colectiva.	
2. Valorar a práctica habitual e sistemática de actividades físicas como medio para mellorar as condicións de saúde e a calidade de vida.	3, 5, 6 e 8
3. Realizar tarefas dirixidas ao incremento das posibilidades de rendemento motor, á mellora da condición física para a saúde e ao perfeccionamento das funcións de axuste, dominio e control corporal, adoptando unha actitude de autoesixencia na súa execución.	2, 3, 7 e 8
4. Coñecer e consolidar hábitos saudables, técnicas básicas de respiración e relaxación como medio para reducir desequilibrios e aliviar tensións producidas na vida cotiá e na práctica físico-deportiva.	3, 5, 7 e 8.
5. Planificar actividades que permitan satisfacer as necesidades en relación coas capacidades físicas e habilidades específicas a partir da valoración do nivel inicial. 2, 3, 7 e 8. 6. Realizar actividades físico-deportivas no medio natural que teñan baixo impacto ambiental, contribuíndo á súa conservación.	3, 5, 6, 7 e 8
7. Coñecer e realizar actividades deportivas e recreativas individuais e colectivas aplicando os fundamentos regulamentarios, técnicos e tácticos en situacións de xogo, con progresiva autonomía na súa execución.	1, 3, 4, 5 e 8.
8. Amosar habilidades e actitudes sociais de respecto, de traballo en equipo e de deportividade na participación en actividades, xogos e deportes, independentemente das diferenzas de xénero, culturais, sociais e de habilidade.	3, 5 e 8

<p>9. Practicar e deseñar actividades expresivas con ou sen base musical, utilizando o corpo como medio de comunicación e expresión creativa. 2, 5, 6 e 8. 10. Adoptar unha actitude crítica ante o tratamento do corpo, a actividade física e o deporte no contexto social.</p>	<p>1, 3, 4, 5, 6 e 8</p>
--	--------------------------



## 8. CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS

### A) SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

1º CURSO DE ESO Bloque 1. Contidos común: Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física. Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión. Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. Papeis e estereotipos nas actividades físico- deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. Actividade física como elemento base dos estios de vida saudable. Esteretipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde. Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas básicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular. Bloque 3. Actividade física e saúde Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde. Introducción aos principios sobre unha alimentación saudable. Identificación da frecuencia cardíaca de traballo. Métodos básicos para o desenvolvemento das capacidades físicas desde un enfoque saudable. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta. Principios de ergonomía e hixiene postural e a súa aplicación na práctica de actividades físicas e na vida cotiá. Práctica de actividades expresivas orientadas a establecer unha dinámica positiva no grupo. Combinación de distintos ritmos e manexo de diversos obxectos na realización de actividades expresivas. Realización de danzas sinxelas de carácter recreativo e popular. Disposición favorable á desinhibición nas actividades de expresión corporal Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas Execución de habilidades motrices vinculadas a accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.

Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural, e a súa aplicación en diferentes ámbitos. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes colectivos, respectando os regulamentos específicos. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.

## 2º CURSO DE ESO

Bloque 1. Condición física e saúde. Obxectivos do quecemento. Quecemento xeral e específico. Recompilación e realización de xogos e exercicios aplicados ao quecemento. Capacidades físicas relacionadas coa saúde: resistencia aeróbica e flexibilidade. Control da intensidade do esforzo: toma da frecuencia cardíaca e cálculo da zona de actividade. Acondicionamento físico xeral con especial incidencia na resistencia aeróbica e na flexibilidade. Realización de actividades e xogos para a mellora da condición física. Recoñecemento e valoración da relación entre unha boa condición física e a mellora das condicións de saúde. Recoñecemento e valoración da importancia da adopción dunha postura correcta en actividades cotiás. Coñecemento das técnicas de respiración e a súa adecuación a situacións cotiás. Relación entre hidratación e práctica de actividade física. Valoración de hábitos saudables como descansar axeitadamente e realizar actividade física. Toma de conciencia sobre os efectos que teñen para a saúde determinados hábitos como o consumo de tabaco, alcol e estupefacientes.

Bloque 2. Xogos e deportes Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais. Realización de xestos técnicos básicos e identificación de elementos regulamentarios dun deporte individual diferente ao realizado no curso anterior. Os deportes de adversario como fenómeno social e cultural. Elementos técnicos, tácticos e regulamentarios dos deportes de adversario. Realización de xogos e actividades relacionados. Respecto e aceptación das normas dos deportes de adversario e das establecidas polo grupo. Realización de tarefas xogadas e de actividades cooperativas. Novos desafíos físicos cooperativos. Coñecemento e realización de xogos e deportes tradicionais de Galicia. Práctica dos fundamentos técnicos, tácticos e regulamentarios dun deporte colectivo. Autocontrol ante as situacións de contacto físico que se dan nos xogos e no deporte. Cooperación nas funcións atribuídas dentro dun labor de equipo para a consecución de obxectivos comúns. Tolerancia e deportividade por riba da procura desmedida dos resultados.

Bloque 3. Expresión corporal. A linguaxe corporal e a comunicación non verbal. Os

xestos e as posturas. Experimentación de actividades encamiñadas ao dominio, ao control corporal e á comunicación coas outras persoas. Control da respiración e da relaxación nas actividades expresivas. Realización de improvisacións colectivas e individuais como medio de comunicación espontánea. Realización de danzas do mundo de carácter colectivo. Contextualización básica. Aceptación das diferenzas individuais e respecto ante a execución das tarefas por parte doutras persoas. Bloque

4. Actividades no medio natural. O sendeirismo: descrición, tipos de carreiro, material e vestimenta necesaria. Realización de percorridos preferentemente no medio natural. As actividades físico-deportivas no medio natural: terra, aire e auga. Realización de habilidades adaptadas ao tipo de actividade recreativa proposta. Experimentación con actividades de recreación propias do medio natural. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. Toma de conciencia dos usos adecuados en ambos os contornos. Procura de información previa sobre o espazo natural en que se van a desenvolver propostas fóra do centro.

### 3º CURSO DE ESO

Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física. Control da intensidade do esforzó adaptado a cada fase da sesión de actividade física. Deseño e execución de forma autónoma de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión, tendo en conta o seu nivel de partida. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición cara á súa mellora. Posibilidades do controno próximo como lugar de práctica de actividades físicodeportivas e recreativas. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado. Bloque

2. Actividades físicas artístico- expresivas. Experimentación de actividades

artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual e colectivo. Realización de bailes e danzas de carácter recreativo e popular. Bloque 3. Actividade física e saúde. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físicodeportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva. Adestramento: intensidade, volumen e densidade do esforzo, e a súa relación cos sistemas metabólicos de obtención de enerxía. Control da recuencia cardíaca cara á mellora dos factores da condición física. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde. Elaboración e posta en práctica dun programa básico para a mellora da condición física saudable. Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde. Avaliación da condición física e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais. Ergonomía e hixiene postural na práctica das actividades físicas. Técnicas básicas de respiración e relaxación. Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida. Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas. Execución e avaliación de habilidades motrices de xeito combinado vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.

#### 4º CURSO DE ESO

Bloque 1. Condición física e saúde. Realización e práctica de quecementos autónomos, logo de análise da actividade física que se vai a realizar. O quecemento como medio de prevención de lesións. Sistemas e métodos de adestramento das capacidades físicas relacionadas coa saúde: resistencia aeróbica, flexibilidade e forza resistencia. Efectos do traballo de resistencia aeróbica, de flexibilidade e de forza resistencia sobre o estado de saúde: efectos beneficiosos, riscos e prevención. Aplicación dos métodos de adestramento da resistencia aeróbica, da flexibilidade e da forza resistencia.

Elaboración e posta en práctica dun plano de traballo dunha das capacidades físicas relacionadas coa saúde. Toma de conciencia da propia condición física e predisposición a melloralas. Relaxación e respiración. Aplicación de técnicas e métodos de relaxación de

forma autónoma. Valoración dos métodos de relaxación para aliviar tensións da vida cotiá. Valoración dos efectos negativos que determinados hábitos (fumar, beber, sedentarismo, consumir estupefacientes...) teñen sobre a condición física e sobre a saúde e adopción dunha actitude de rexeitamento ante estes. Primeiras actuacións ante as lesións máis común que poden manifestarse na práctica deportiva. Protocolos básicos de primeiros auxilios. Bloque 2. Xogos e deportes. Realización de xogos e deportes individuais, de competición entre dúas persoas e colectivos de lecer e recreación. Práctica dos técnicos, tácticos e regulamentarios dos deportes. Planificación e organización de campionatos nos cales se utilicen sistemas de puntuación que potencien as actitudes, os valores e o respecto das normas. Valoración dos xogos e deportes como actividades físicas de lecer e tempo libre. Aceptación das normas sociais e democráticas que rexen nun traballo de equipo. Bloque 3. Expresión Corporal. Adquisición de directrices para o deseño de composicións coreográficas. Creación de composicións coreográficas colectivas con apoio dunha estrutura musical incluíndo os diferentes elementos: espazo, tempo e intensidade. Participación e achega ao traballo en grupo nas actividades rítmicas. Disposición favorable á desinhibición na presentación individual ou colectiva de exposicións orais e rítmicas en público. Bloque 4. Actividades no medio natural. Relación entre a actividade física, a saúde e o medio natural. Participación na organización de actividades no medio natural de baixo impacto ambiental, no medio acuático. Procura e procesamento da información. Presentación de proxectos a compañeiras e compañeiros. Realización de actividades especializadas e de carácter recreativo, preferentemente desenvolvidas no medio natural. Realización de actividades especializadas e de carácter recreativo, desenvolvidas no medio natural (remo e vela). Toma de conciencia do impacto que teñen algunhas actividades físicodeportivas no medio natural.

## TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1º CURSO DE ESO

Primeiro trimestre: 22 sesións aproximadamente

<b>TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA</b>	<b>Nº DE SESIÓN</b>	<b>CONTIDOS</b>
PRESENTACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL	4	- Valoración do nivel de coñecementos teórico prácticos do alumnado en relación coa asignatura. - Sistemas e aparellos implicados no movemento. - Coñecemento dos principais grupos musculares. - Realización de exercicios globais e xogos xa coñecidos polo alumnado - Valoración da saúde como elemento principal na calidade de vida

